

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE CONCELLOS DA COMARCA DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA SANTA ÁGÜEDA, PARA A CESIÓN DE 2 MÁQUINAS HIDROSTÁTICAS DESTINADAS Á PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

ANTECEDENTES

O 23.04.2025 asinouse o convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de Municipios da comarca de Verín, a Mancomunidade de municipios da comarca do Carballiño e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova, para a cesión de 4 máquinas hidrostáticas destinadas á prevención e extinción de incendios. Este convenio tiña como orixe o Protocolo asinado o 07.02.2024 entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e defensa contra os incendios forestais.

A cesión das 4 máquinas hidrostáticas realizouse como complemento ao convenio asinado coas mesmas mancomunidades o día 08.04.2025 para a o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de 6 meses. Esta experiencia realizada no ano 2025 permitiu constatar o bo funcionamento do modelo combinado brigadas de 6 meses + maquinaria, que se evidenciou por:

- Unha axeitada implantación e operatividade do dispositivo no ámbito das catro mancomunidades participantes.
- Pola mellora da capacidade de actuación preventiva mediante traballos planificados e executados con apoio de maquinaria especializada e da actuación operativa ao estar dotadas estas máquinas de depósitos de auga que son usados na extinción de incendios.





- Polo aproveitamento eficiente de recursos, derivado da coordinación territorial a través de mancomunidades, e a complementariedade entre medios humanos e mecánicos.

Á vista dos resultados acadados e co propósito de consolidar e ampliar un modelo xa demostrado eficaz e replicable, o 23.04.2026 asinouse un novo convenio para a implantación de brigadas de 6 meses ao longo do ano 2026. Nel mantense a participación das catro mancomunidades iniciais e incorpóranse dúas novas mancomunidades que manifestaron o seu interese nesta colaboración: a Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense e a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda. O obxectivo para 2026 é:

- Incrementar a cobertura territorial das actuacións preventivas en zonas de risco e necesidade operativa. O ano 2025 estivo marcado por unha situación de especial gravidade en materia de incendios forestais na provincia de Ourense, con episodios simultáneos de grandes incendios e un nivel de emerxencia que requiriu reforzos extraordinarios de medios e unha coordinación interadministrativa intensiva.
- Reforzar a capacidade de resposta dos medios e garantir a continuidade dos traballos preventivos e de defensa contra incendios, en coordinación co Servizo Provincial de Incendios Forestais.

Por todo o exposto, e en coherencia co esquema operativo implantado no ano 2025, co obxecto de garantir que as novas mancomunidades incorporadas dispoñan de medios equivalentes para a execución das actuacións de prevención e defensa contra incendios, propónse a **cesión de dúas máquinas hidrostáticas**, nas condicións establecidas nas cláusulas do correspondente convenio de cesión.

CONTEXTO XURÍDICO-NORMATIVO

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.





De acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Así mesmo, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) e a á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias. Este plan engloba todas aquelas accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación e recolle a intensificación da coordinación e cooperación coas administración locais.

Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios; e consonte ao disposto nos artigos 8 e 59.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que prevén de forma explícita a colaboración e cooperación entre a Xunta de Galicia e os concellos en materia de prevención de incendios forestais.

OBJECTO DO CONVENIO

A actuación que será obxecto do presente convenio será a concesión dunha subvención en especie que consiste na entrega de 2 máquinas hidrostáticas para a prevención e extinción de incendios forestais.

As dúas máquinas hidrostáticas polivalentes estarán destinadas á realización de traballos de prevención contra os incendios forestais, así como para o seu emprego como vehículos de apoio ás labores de defensa e extinción de incendios.

As máquinas obxecto desta subvención son de nova adquisición e fabricación. Todos os elementos e equipacións contan coas correspondentes certificacións CE, homologacións e autorizacións administrativas esixidas na normativa vixente. Estas máquinas, autopropulsadas, permiten realizar diversos labores ou tarefas, mediante a montaxe ou instalación das ferramentas ou accesorios, principalmente: brazo lateral con disco de corte para rozas e triturado de vexetación, depósito para almacenamento de auga con lanza e enganches para mangueras e soprador de aire para limpeza de calzadas e gabias.

A cesión da maquinaria ás entidades locais beneficiarias formalizarase, logo da sinatura do convenio, mediante acta subscribida pola persoa titular da secretaria xeral técnica da Consellería do Medio rural ou persoa funcionaria en quen delegue.





FINANCIAMENTO

Para a adquisición das máquinas, a Dirección Xeral de Defensa do Monte dispuxo no ano 2025 de crédito adecuado e suficiente na aplicación 45.02.551B.632.2, proxecto 2024 00116 para a tramitación do contrato de subministración.

O contrato foi tramitado mediante procedemento aberto susceptible de ser cofinanciada ao 60% no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027, Obxectivo político 2, Prioridade P2A, Obxectivo Específico RSO2.4, Liña de actuación 2.4.05.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte contou co financiamento do Fondo Feder no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2021-2027, segundo a decisión de execución da Comisión do 07.12.2022. Así, para o obxectivo específico "RSO2.4. Favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención de risco de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas", está contemplada a medida de prevención e extinción de incendios. A decisión detalla que esta acción consistirá principalmente na adquisición de diferentes vehículos integrados equipados cos elementos necesarios para a realización de actuacións de prevención contra incendios forestais, así como para o seu emprego como vehículos de apoio ás labores de defensa e extinción. Engade a medida que estes vehículos serán ou poderán ser obxecto de cesión para a súa utilización polas Entidades Locais.

Estas accións son complementarias con intervencións doutros Fondos Europeos que contribúen positivamente a facer fronte aos riscos naturais que representa o cambio climático.

O custo unitario total de cada máquina ascendeu a 326.833,33 €, incluído o 21% de IVE, segundo a resolución do 19 de marzo de 2025 da Consellería do Medio Rural, pola que se adxudica o contrato para "subministración de seis (6) máquinas hidrostáticas polivalentes novas, susceptible de ser cofinanciada ao 60% no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, Obxectivo Político OP2, Prioridade P2A, Obxectivo Específico RSO2.4, Liña de actuación 2.4.05.", resultando adxudicataria a empresa Murat Construcción y Mantenimiento SL. A acta de recepción das máquinas por parte da Xunta de Galicia é do 11.09.2025.

Polo tanto o custe total da adquisición das dúas (2) máquinas hidrostáticas foi de 653.666,66 €.

Dado que as máquinas xa foron adquiridas con anterioridade a este convenio pola consellería do Medio Rural, a condición de entidade beneficiaria desta axuda non supón ningún dereito de cobramento senón a entrega en propiedade das máquinas





novas para o seu emprego nas labores de prevención e extinción de incendios. Polo tanto este convenio non implica a adquisición de novos compromisos de gasto.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

As mancomunidades de municipios destinatarias desta axuda son:

- Mancomunidad Voluntaria de concellos da comarca de Ourense (Distrito Forestal XII)
- Mancomunidad intermunicipal Voluntaria Santa Águeda (Distrito Forestal XII)

RAZÓNS QUE ACREDITAN O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións derivan de que a realización do maior número posible de actuacións preventivas é de interese, non só para as administracións asinantes, senón para a cidadanía en xeral, dado que, estas tarefas, contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais dos incendios forestais; que constitúen unha grave ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios particulares forestais e de comunidades de montes veciñais, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

A Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local, no seu artigo 25.2. f) e o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración Local de Galicia, mencionan como materias nas que en todo caso exercerán competencias propias os municipios a protección civil e a prevención e extinción de incendios

Para o exercicio destas competencias, en moitos casos, as entidades locais non contan con medios propios necesarios e especializados o que lles impide adoptar as medidas de prevención de incendios e/ou acudir a intervencións nas que están obrigados a participar nas situacións de emerxencia que se producen derivadas dos lumes. Xa que logo, contar con equipamento especializado permitiríalles realizar os traballos de prevención, pero tamén intervir nos casos en que fose preciso ante situacións de risco ante un incendio forestal.

Consideramos necesario, polo tanto, colaborar coas entidades locais para dotalas dun equipamento axeitado que posibilite reducir o risco de producirse incendios





forestais mediante a prevención; e no caso de producirse, que estes teñan a menor incidencia posible. Para isto é fundamental unha maior eficacia das labores de extinción de incendios co fin de acadar un maior grado de seguridade para toda a cidadanía e tamén unha xestión da bioamasa como principal medida preventiva.

A conxuntura e contexto descritos, a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, a dispoñibilidade das máquinas, adquiridas para a súa cesión co fin de destinalas á súa aplicación eficaz nos traballos de prevención de incendios e, de ser o caso, na súa extinción, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a cesión de dúas (2) máquinas hidrostáticas polivalentes con equipamento específico destinadas á realización dos traballos descritos.

As Mancomunidades de municipios son entidades locais non territoriais constituídas por municipios que se asocian para a prestación en común de obras, servizos e/ou actividades da súa competencia. Teñen personalidade xurídica e capacidade de obrar plena e independente da dos concellos que a integran.

Para a selección das mancomunidades nas que se desenvolverá o convenio, seleccionouse aquelas que teñen entre os seus fins a prevención e extinción de incendios; e dentro destas, aquelas cuxos concellos que a integran teñen ampla experiencia na colaboración coa Consellería de Medio Rural nos últimos anos mediante a sinatura dos "convenios interadministrativos entre a Consellería de Medio Rural e as entidades locais para a realización de actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais".

É importante salientar ademais que preto do 21 % do número de lumes do ano 2025 na provincia de Ourense tiveron lugar no Distrito Forestal (XII) no que se sitúan estas mancomunidades.

Polo anteriormente exposto, considérase xustificada, ao tempo que necesaria, para a colaboración nas tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, a cesión por parte da Consellería do Medio Rural de 1 máquina hidrostática a cada unha das mancomunidades de municipios sinaladas como beneficiarias.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.
O director xeral de Defensa do Monte
Manuel Francisco Gutiérrez

